# Rías Baixas

memoria exercicio 2007

Estimados/as Adegueiros/as:

Nesta presentación da memoria do 2007, na que podemos ver uns bos datos, quero invitar a reflexionar sobre quen eramos e quen somos, porque creo que iso pódenos axudar a comprender mellor o noso sector e a decidir conxuntamente quen queremos ser.

En moitas ocasións pregúntanme: quen somos, onde imos, de onde vimos. Certo é que parecen cuestións doadas de responder, sobre todo se as trasladamos a este Consello Regulador. As respostas din moito do noso sector: dos nosos bisavós e avós, tamén dos nosos pais e de nós mesmos.

O viño de Rías Baixas forma parte da nosa historia, da nosa cultura. Comezou sendo un produto autóctono de autoconsumo e foi saíndo paseniño dos fogares para fornecer a diferentes mercados: primeiro locais, de seguido rexionais, agora nacionais e internacionais. Nós, viticultores e adegueiros, temos recollido á herdanza de anteriores xeracións e co noso traballo preparamos as bases para o futuro dunha Denominación con moita vida por diante, que depende exclusivamente de nós e de quen somos.

Aínda que o viño é un produto agroalimentario que depende en boa medida de factores climatolóxicos e tamén técnicos, ten variado moito nos últimos anos. É magnífico ver a evolución que se ten dado nos Rías Baixas desde aqueles primeiros viños descritos nas obras de Álvaro Cunqueiro, ata os modernos viños que actualmente se elaboran nas adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas. Son viños que, ser perde-la súa identidade, souberon evolucionar como consecuencia da aplicación das novas tecnoloxías na viticultura e enoloxía. Hoxe en día, os nosos viños elabóranse pensando en tódalas posibilidades das castes amparadas por este Consello Regulador. Enólogos, técnicos de campo, departamentos comerciais, de márqueting, comunicación, xerentes, son algúns dos profesionais que forman parte do noso mundo diario.

Cando falamos de premios, recoñecementos, anadas.... énchesenos a todos a boca, porque somos conscientes de que estamos a recolle-lo froito do esforzo, o traballo en conxunto dun sector que está a madurar. Nese momento esquécesenos tódolos desgustos e decepcións, que son moitas ao longo do ano, porque nos reconforta e á vez significa un premio para un sector e unha labor de anos, que nos da forza para seguir construíndo o legado das futuras xeracións.

O sector do viño está nun momento de transición: como a historia é cíclico e ten os seus momentos doados e difíciles. Aínda que na nosa D.O. poida parecer que estamos a vivir unha época dourada, o certo é que o sector vitivinícola afronta un futuro incerto coa OCM do viño, e outras leis que poden prexudica-lo noso traballo. As mellores armas para enfrontármonos aos momentos difíciles que se achegan son a cohesión como sector, o traballo duro, a profesionalización e moita imaxinación, como a que tiveron os nosos antepasados ao ve-las posibilidades destes viños.

Agora tócanos a nos decidir cara onde van os viños de Rías Baixas.

*Xosé Ramón Meiriño González*
*Presidente Consello Regulador D.O. Rías Baixas*

PRESIDENTE

D. Xosé Ramón Meiriño González

VICEPRESIDENTE

D. Xerardo Méndez Lázaro

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Perfecto Álvarez Martínez
Agromiño S.L. (D. Antonio Álvarez Suárez)
Limeres Rodríguez S.A. (D. Fernando Bandeira García)
D. David J. Castro Mougán
Álvarez Viéitez S.L. (Dna. María Teresa Estévez Rodríguez)
D. Luciano Fernández Besada
D. Daniel Meaño Alba
Xesvitgal S.L. (D. Xesús Paz Parracho)
D. Roberto Rivas Reboredo

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

Adegas Tollodouro S.A. (D. José María Campos Pérez)
Bodegas Terras Gauda S.A. (D. Enrique Costas Rodríguez)
Cabaleiro do Val S.L. (D. Francisco Dovalo López)
Bodegas del Palacio de Fefiñanes S.L. (D. Juan Gil González de Careaga)
Adegas Arousa de Bebidas S.L. (D. Xermán Martínez Novo)
Bodegas Gerardo Méndez S.L. (D. Gerardo Méndez Lázaro)
Eulogio Pomares Zárate e Hijos S.L. (D. Eulogio Pomares Botana)
Adegas Galegas S.L. (D. Xosé Rodríguez Fernández)
Bodegas As Laxas S.A. (D. Xosé Simón Ferro)

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez
Viña Almirante S.C.G. (D. José Estévez Pomar)
Bodegas Martín Códax S.A.U. (D. Juan Vázquez Gancedo)
Adegas Condes de Albarei S.A.U. (D. Xavier Zas García)

VOGAIS DELEGADOS

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
D. Antón Vázquez Caamaño


CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR
D. Xosé Ramón Meiriño González
VICEPRESIDENTE
D. Xerardo Méndez Lázaro
PLENO
9 Vogais sector viticultor
9 Vogais suplentes
9 Vogais sector vinícola
9 Vogais suplentes
2 Vogais delegados
4 Vogais Adegas de Base Cooperativa
COMISIÓN DE VITICULTURA
COMISIÓN DE PROMOCIÓN
COMISIÓN PERMANENTE
COMISIÓN DE LEXISLACIÓN
COMISIÓN DE DISCIPLINA
SECRETARIO XERENTE
D. Ramón Huidobro Vega
ASESORÍA XURÍDICA
D. Enrique Pantín
COMUNICACIÓN
Dna. Loreto Vázquez
Dna. Cruz Devesa
SERVIZOS TÉCNICOS
ADMINISTRACIÓN
PROMOCIÓN
D. Agustín Lago
(Director Técnico)
D. Fernando Vilariño
D. J. Luis Martínez
D. Rubén Baz
D. Javier Ignacio
Dna. Mª Carmen Moares
Dna. Eva Mínguez

# Riqueza local, vocación global

O viño é un sector estratéxico que resume o millor do patrimonio e da cultura local e a traduce en riqueza exportable grazas á aposta do sector pola modernización

Un dos feitos relevantes do ano 2007 é a renovación do Pleno do Consello Regulador que, baixo a presidencia de D. Xosé Ramón Meiriño González, iniciou a nova etapa da institución tras a celebración das correspondentes eleccións no mes de xullo. Un cambio agardado tras a promulgación da normativa xeral contida na "Lei de Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria de Galicia" e o seu posterior desenvolvemento nos correspondentes decretos.

Un aspecto importante do novo marco normativo (derivado da entrada en vigor da "Ley de la Viña y el Vino" de 2003) era a consideración dos C.R. como "corporacións de dereito público, con personalidade xurídica de seu, autonomía económica e plena capacidade de obraren para o cumprimento dos seus fins".

Outra cuestión a ter en conta ten que ver coa independencia que o novo marco legal establece entre os órganos de Xestión (o Pleno como tal) e Control (o Departamento Técnico) nos novos consellos.

En fin, o resultado deste proceso foi a constitución do novo Pleno que amplía agora o seu número de representantes, que pasan de 8 a 9 no caso dos Vogais do Sector Produtor e Transformador e suman aos 2 Vogais Delegados anteriores outros 4 Vogais do Sector de Adegas de Base Cooperativa.

# Presentación

O viño é un sector onde se combinan prácticas tradicionais coas máis modernas tecnoloxías de produción e as máis variadas técnicas de comercialización.

Como din os expertos da xeografía económica ou os historiadores da cultura, o viño é patrimonio no sentido amplo de "ben cultural e significativo". Na cultura popular, o viño representa o orgullo dun produto singular e estimado: un signo de valoración social. Podémolo comprobar con respecto a orixe da máis importante das festas do viño en Galicia: a Festa do Albariño. Tras do que era un "pique" entre colleiteiros defendendo o mellor produto, latexaba esa idea do prestixio social que sempre tivo o viño. Nos anos 70 o Albariño substitúe ao Ribeiro (o "espadeiro" que cantaba mesmo un poeta do Salnés como Ramón Cabanillas) como viño "identitario" de Galicia. Non fai falla lembrar as preferencias polo albariño do célebre detective Pepe Carvallo, de Vázquez Montalbán, nin os eloxios "dun tal" Robert Parker, en "The Wine Advocate", para certificar que neste últimos cincuenta anos o noso viño converteuse nun produto globalmente identificado pola súa calidade.

O sector que da soporte a este produto estende a súa influencia moito máis aló do campo especifico da viticultura: abonda con lembra-las novas iniciativas empresariais ou institucionais no campo do enoturismo ou o pulo das experiencias de comercialización en terceiros países. Ese rota de innovación e adaptación aos tempos caracteriza a esta Denominación de Orixe que soubo colocar un produto artesán no espazo internacional apostando pola calidade e un control exhaustivo da produción.

Por todas esas razóns, non é raro que tanto este Consello Regulador, o resto das Denominacións de Orixe galegas e os responsables políticos autonómicos manifesten a súa preocupación pola entrada en vigor da nova OCM do viño e os riscos que se poden derivar da súa aplicación no caso concreto de Galicia.

**OCM: LUCES E SOMBRAS**

Os puntos máis conflitivos da normativa europea son ben coñecidos:

**-Liberalización do chan**

É de todos coñecido que a viticultura ten un papel clave no desenvolvemento rexional. Tanto a viticultura como a vinificación

**As Denominacións de Orixe galegas e os responsables políticos autonómicos teñen manifestado a súa preocupación pola entrada en vigor da nova OCM.**

**A viticultura ten un papel clave no desenvolvemento rexional cunha forte carga de emprego e valor engadido.**

**A balanza comercial segue a ser positiva para o sector na Denominación de Orixe Rías Baixas.**

veñen sendo ata agora actividades moi localizadas, cunha forte carga de emprego e cunha estrutura produtiva que representa un importante valor engadido para as zonas de produción. Por outra banda, a nova "Ley del Suelo" ( 8/2007 de 28 de maio) establece que: *"Las políticas públicas relativas a la regulación, ordenación ocupación, transformación y uso del suelo tienen como finalidad común la utilización de este recurso de acuerdo con el interés general y según el principio de desarrollo sostenible, sin perjuicio de los fines específicos que les atribuyan las leyes".*

En que medida pode esto resultar contraditorio coa política de liberalización do chan na OCM do Viño?

É responsabilidade dos poderes públicos a defensa dos intereses colectivos. Ao sector corresponderalle esixir das autoridades a defensa dos seus dereitos, no caso de que a normativa europea poida resultar perxudicial para os intereses lexítimos dos cidadáns.

**-Supresión de axudas á promoción**

O propósito anunciado da nova OCM é rematar coa perda global de competitividade do sector vinícola de la UE, polo desequilibrio cada vez maior entre exportacións e importacións.

Pero está claro que no caso español non é ese o factor predominante xa que aínda que as importacións ascenden a nosa balanza comercial segue sendo totalmente positiva. Moito máis

As cifras confirman o avance conseguido polos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas nos mercados internacionais

cando falamos das cifras de exportación d os viños con DO, que seguen medrando en vendas mentres descende o consumo de viño en xeral.

Sen embargo é certo que Europa afronta a irrupción de novos competidores que proveñen de países como Australia, Nova Zelandia, Chile, Arxentina etc. con sistemas de elaboración moi tecnificados, nada restritivos e políticas de promoción moi agresivas e con importantes presupostos.

A evolución da DO Rías Baixas nas últimas décadas corre paralela a experiencias de promoción nos mercados internacionais fortemente impulsadas desde o Estado a través do ICEX. Primeiro fa traves dos chamados "Planes Sectoriales" e logo co "Plan General de Vinos".

Para o ICEX, o papel dos "Rías Baixas" no mercado dos EE.UU., onde se situaron como viños de calidade nun segmento medio-alto, serviu de modelo para a última estratexia plantexada ("Vinos de España") coa súa aposta pola calidade.

O resultados superaron ás expectativas, como amosan as estatísticas relativas ao incremento das exportacións ao mercado norteamericano, tanto en volume coma en valor.

No sucesivo, o papel do ICEX, en colaboración co Ministerio de Agricultura, buscará elaborar un "programa marco" para que as adegas poidan preparar as súas actuacións de promoción en cada mercado. Polo tanto a aposta segue en pé: a promoción de viños de calidade, a defensa das variedades autóctonas e da internacionalización das empresas seguen a se-las claves dunha política que o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación (administración competente na xestión dos fondos da OCM) como é de agardar, debería de enfocar de xeito que complemente os obxectivos de iniciativas de éxito como "Viños de España".

**-Cambios no etiquetado**

Apostar polos produtos enolóxicos de calidade esixirá reforza-las políticas de identificación e diferenciación do produto, desde o etiquetado ata a consolidación da marca "Rías Baixas" como símbolo desa calidade.

Pode haber problemas coa normativa do etiquetado da OCM no sentido de xerar confusión entre os consumidores? A tarefa será defende-las posicións gañadas a favor dun sistema de control estrito capaz de garantir en todo momento e lugar a calidade dos nosos viños, fronte a un modelo de etiquetado confuso que parece máis pensado desde perspectivas industriais ca desde a óptica dos produtos agrícolas de calidade, como o viño elaborado nas D.O.

A defensa dunha cultura do viño pasa por afirmar esa vinculación do viño é o territorio, apostando por iniciativas como o enoturismo, como reclamo para un turismo de calidade, integrando distintas iniciativas de ocio e cultura (hoteis, spas, praias, turismo rural, centros culturais) e contribuíndo a dinamizar a activa-lo contorno natural onde se asenta o sector e, creando valor a nivel local. Obviamente, todo isto depende da nosa capacidade de diálogo cos responsables políticos galegos, máximos responsables da defensa dos nosos intereses. As novas recibidas parecen indicar que as posicións de partida son moi nítidas por parte dos poderes públicos.

O Conselleiro de Medio Rural, Suárez Canal, declarou que o seu departamento consensuará cos axentes do sector vitivinícola galego a posición negociadora de Galiza ante o Ministerio, que partirá dunha proposta dirixida a tres eidos: promoción exterior (centrado no apoio á creación de grupos de exportación, apoio ao desenvolvemento e planos de comercialización e apoio directo á exportación das adegas de D.O.s galegas); reconversión e reestruturación do viñedo (reestruturación e relocalización varietal de viñedos baixo D.O, priorización e reforzamento dos módulos da viticultura de montaña); e mellora da estrutura produtiva, comercial e de promoción da calidade).

Protexer, en resume, a cultura e o patrimonio que o viño representa é apostar por iniciativas capaces de reforza-lo noso papel nos mercados internos ou externos, e esixir a defensa dos intereses dun sector estratéxico para a economía galega.

# A vendima

## Unha colleita escasa, pero moi equilibrada, tras unha campaña complicada

Tras un ciclo moi complicado na viticultura, con diminucións importantes debidas a un menor nacemento de acios, ás desigualdades na purga e ao ataque importante do mildiu, a benignidade do clima en setembro permitiu finalmente unha boa maduración e sobre todo despexa-la incógnita sobre o estado hixiénico sanitario no que entraron as uvas nas adegas.

O ritmo de recolección foi máis lento e selectivo debido a esa desigualdade no crecemento e aos danos nos viñedos, pero a climatoloxía axudou a leva-la adiante sen problemas.

Os rendementos, tal como puidemos observar, foron inferiores ás expectativas, cunha baixada en volume de aproximadamente un 40% sobre a colleita 2006. Agora ben, é importante sinala-la excepcionalidade do ano 2006 cunha ratio superior a 9.000 quilos/ha, moi por riba dos de 6.958 quilos/ha. de media desde o ano 2001, polo que a baixada sería dun 23%.

Ademais das variables de produción mencionadas, as altas temperaturas e as escasísimas precipitacións do mes de setembro provocaron ademais unha baixada no peso do acio.

Para rematar, destacar que os mostos obtidos foron moi aromáticos cun bo equilibrio grao-acedez, pola boa maduración da uva, xa que as temperaturas menos cálidas deste verán e as longas horas de insolación de setembro, permitiron unha maduración máis lenta do froito.

# Superficie

## DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

### Viticultores




### Adegas




### Superficie (Ha.)




### Viño elaborado (Hl.)




### Viño exportado (Hl.)




## DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
## Concellos, Viños e Castes

## DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2007)

### Viticultores




- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

**TOTAL: 6.509**

### Superficie (Ha.)




- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

**TOTAL: 3.496,33 Ha**

### Superficie-viticultor




- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

**TOTAL: 0,53 Ha.**

### Parcelas




- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

**TOTAL: 20.302**

### Parcelas-viticultor




- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

**TOTAL: 3,11**

# Vendima

## RENDEMENTOS. Anos 2001-2007

### Superficie (Has.)




### Vendima (Kg.)




### Rendemento (Kg./Has.)




## PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS. Colleita 2007

### ALBARIÑO




**Porcentaxe do total: 94,52%**

### LOUREIRO




**Porcentaxe do total: 1,68%**

### TREIXADURA




**Porcentaxe do total: 1,96%**

## RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)




## VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

| | Uva Importada |
|---|---|
| Condado do Tea | 571.731 |
| O Rosal | 560.758 |
| Ribeira do Ulla | 27.120 |
| Soutomaior | 0 |
| Val do Salnés | 396.773 |

ALBARIÑO




**Porcentaxe do total: 94,52%**

LOUREIRO




**Porcentaxe do total: 1,68%**

**TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS**
**Colleita 2007**




| Uva Exportada | Uva Vinificada | Uva Vendimada |
|---|---|---|
| 366.570 | 4.218.044 | 4.045.835 |
| 512.251 | 2.609.950 | 2.528.491 |
| 166.670 | 315.507 | 455.057 |
| 6.736 | 20.191 | 26.927 |
| 504.155 | 11.573.203 | 11.680.585 |

**DATOS DOS ÚLTIMOS ANOS (2001-2007)** En kilos

**Albariño**




**Loureira**




**Treixadura**




**Outras brancas**




**Tintas**



## UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONDADO DO TEA | 1.017.815 | 688.781 | 596.474 | 491.689 | 433.796 | 335.610 | 366.570 |
| O ROSAL | 128.158 | 117.387 | 156.522 | 250.407 | 266.046 | 735.589 | 512.251 |
| RIBEIRA DO ULLA | 24.285 | 22.777 | 23.425 | 29.521 | 68.756 | 150.900 | 166.670 |
| SOUTOMAIOR | 4.139 | 3.004 | 7.765 | 10.953 | 18.038 | 23.638 | 6.736 |
| VAL DO SALNÉS | 791.641 | 650.550 | 988.958 | 1.316.537 | 1.055.455 | 1.023.704 | 504.155 |

## UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONDADO DO TEA | 351.626 | 364.025 | 662.455 | 856.318 | 932.444 | 1.309.558 | 571.731 |
| O ROSAL | 1.359.947 | 1.030.704 | 1.013.692 | 983.987 | 687.136 | 649.847 | 560.758 |
| RIBEIRA DO ULLA | 55.899 | 33.964 | 36.329 | 54.823 | 46.370 | 42.602 | 27.120 |
| SOUTOMAIOR | 22.203 | 17.143 | 24.509 | 9.311 | 8.245 | - | - |
| VAL DO SALNÉS | 176.362 | 36.663 | 36.159 | 194.668 | 167.896 | 267.434 | 396.773 |

## COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2001-2007)




## PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2007



**UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2001-2007 (datos en Kg.)**

| | *Condado do Tea* | *O Rosal* | *Ribeira do Ulla* | *Soutomaior* | *Val do Salnés* |
|---|---|---|---|---|---|
| **2001** | 3.076.668 | 3.214.300 | 367.075 | 72.251 | 10.083.871 |
| **2002** | 2.661.100 | 2.523.771 | 197.692 | 39.911 | 7.830.766 |
| **2003** | 3.545.707 | 2.904.056 | 244.834 | 50.606 | 9.717.591 |
| **2004** | 4.634.944 | 3.335.941 | 382.132 | 54.319 | 14.361.329 |
| **2005** | 5.189.950 | 3.120.300 | 372.052 | 37.777 | 13.182.961 |
| **2006** | 6.573.516 | 3.987.553 | 434.289 | 30.832 | 19.583.910 |
| **2007** | 4.218.044 | 2.609.950 | 315.507 | 20.191 | 11.573.203 |




## Datos destacados

O incremento das exporta-cións segue a se-lo dato máis salientable entre os resultados do ano 2007.

As cifras indican un incremento do 60 % das vendas no exercicio 2007, con respecto ao ano anterior.

É o maior incremento rexistrado nos últimos anos: 27,50% no 2004; 29,20% no 2005); e 32,75% no 2006.

EE.UU. segue a se-lo destino destino preferente das exportacións -cun volume de 1.752.309 litros- seguido de Reino Unido con 368.481 litros.

A superficie cultivada na segue a medrar, mentres permanecen case estables o número de adegas e viticultores

## EXPORTACIÓNS 2002-2007 (Volume en litros)




## EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 1998-2007 (Volume en litros)



## Exportacións por países - Ano 2007 (litros)




| | |
|---|---|
| Alemaña | 259.729 |
| Austria | 3.406,5 |
| Bélxica | 51.931,32 |
| Dinamarca | 14.380,5 |
| Finlandia | 8.500,5 |
| Francia | 23.140,5 |
| Grecia | 126 |
| Holanda | 73.084,75 |
| Irlanda | 59.082,75 |
| Italia | 4.322,75 |
| Luxemburgo | 999 |
| Portugal | 4.996,75 |
| Reino Unido | 368.481,75 |
| Hungría | 158 |
| Poloña | 5.498,25 |
| Rep. Checa | 2.943 |
| Letonia | 480 |
| Chipre | 90 |
| Lituania | 264 |
| Estonia | 1.174,5 |
| Eslovaquia | 825,75 |
| Malta | 222,5 |
| Eslovenia | 0 |
| Suecia | 53.394,03 |
| **TOTAL UE** | **937.232,1** |

| | |
|---|---|
| Andorra | 24.637 |
| Islandia | 90 |
| Liechtenstein | 0 |
| Noruega | 37.455 |
| Suiza | 104.762,59 |
| **TOTAL EEE** | **166.944,59** |
| Rusia | 6.309 |
| Outros | 1.917 |
| **RESTO EUROPA** | **8.226** |
| China | 8.370 |
| Xapón | 32.688,5 |
| Filipinas | 135 |
| Singapur | 3.231 |
| Taiwan | 1.085 |
| Outros | 6.493,5 |
| **TOTAL ASIA** | **52.003** |
| Emiratos Arabes | 999 |
| Outros | 225 |
| **TOTAL AFRICA** | **1.224** |

| | |
|---|---|
| Arxentina | 2.160 |
| Brasil | 10.434 |
| Canadá | 32.634 |
| Colombia | 1.566 |
| Cuba | 4.716 |
| O Salvador | 450 |
| Guatemala | 135 |
| E.E.U.U. | 1.752.309 |
| México | 93.037,8 |
| Nicaragua | 936 |
| Porto Rico | 128.992,75 |
| Costa Rica | 2.268 |
| Rep. Dominicana | 14.812 |
| Venezuela | 21.789 |
| Perú | 540 |
| Panamá | 12.241 |
| Uruguai | 2.583 |
| Outros | 5.142,25 |
| **TOTAL AMERICA** | **2.086.745,8** |
| Australia | 24.841 |
| Nova Zelanda | 1.721 |
| **TOTAL OCEANIA** | **26.562** |

## INGRESOS ORDINARIOS

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS** | **1.501.200,00** |
| ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS | 1.315.000,00 |
| 01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO) | 160.000,00 |
| 02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO) | 935.000,00 |
| 04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS | 220.000,00 |
| ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS | 186.200,00 |
| **CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **42.000,00** |
| ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS | 42.000,00 |
| **CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS** | **10.000,00** |
| **CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL** | **240.000,00** |
| **CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS** | **300.000,00** |
| ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA | 300.000,00 |
| **TOTAL INGRESOS** | **2.093.200,00** |

## GASTOS ORDINARIOS

### GASTOS DE FUNCIONAMENTO

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **135.100,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 103.000,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 32.100,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **162.300,00** |
| ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN | 15.300,00 |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 116.500,00 |
| ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO | 30.500,00 |
| **CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS** | **1.000,00** |
| ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS | 1.000,00 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **3.000,00** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO | 3.000,00 |
| **TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO** | **301.400,00** |

## CONTROL DE CALIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **252.700,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 105.500,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 39.500,00 |
| ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES) | 107.700,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **281.400,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 281.400,00 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **25.000,00** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA | 25.000,00 |
| **TOTAL CONTROL CALIDADE** | **559.100,00** |

## CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **38.000,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 28.500,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 9.500,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **809.900,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 809.900,00 |
| **TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE** | **847.900,00** |

## PROMOCIÓN

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **384.800,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 384.800,00 |
| **TOTAL PROMOCIÓN** | **384.800,00** |
| **TOTAL GASTOS** | **2.093.200,00** |

## RESUMO DE INGRESOS

| | |
|---|---|
| CANON E CONTRAETIQUETAS | 1.315.000,00 |
| INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 196.200,00 |
| TRANSFERENCIAS CORRENTES | 282.000,00 |
| REMANENTE ANOS ANTERIORES | 300.000,00 |
| **TOTAL** | **2.093.200,00** |

## RESUMO DE GASTOS

| | |
|---|---|
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO | 301.400,00 |
| CONTROL DE CALIDADE | 559.100,00 |
| PUBLICIDADE E PROMOCIÓN | 1.232.700,00 |
| **TOTAL** | **2.093.200,00** |
| **INGRESOS - GASTOS** | **0,00** |

## INGRESOS ORDINARIOS

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS** | **1.839.913,38** |
| ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS | 1.537.522,97 |
| 01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO) | 174.543,77 |
| 02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO) | 1.181.726,14 |
| 04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS | 281.253,06 |
| ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS | 202.390,41 |
| **CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **54.500,00** |
| ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS | 54.500,00 |
| **CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS** | **29.045,48** |
| **CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL** | **340.091,76** |
| ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS | 340.091,76 |
| **CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS** | **0,00** |
| ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA | 0,00 |
| **TOTAL INGRESOS** | **2.263.550,62** |

## GASTOS ORDINARIOS

### GASTOS DE FUNCIONAMENTO

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **134.216,22** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 107.524,79 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 26.691,43 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **123.779,62** |
| ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN | 5.956,75 |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 84.780,47 |
| ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO | 33.042,40 |
| **CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS** | **3.487,30** |
| ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS | 3.487,30 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **1.418,68** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO | 1-418,68 |
| **TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO** | **262.901,82** |

## CONTROL DE CALIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **221.949,33** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 103.146,19 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 32.546,02 |
| ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES) | 86.257,12 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **331.096,66** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 331.096,66 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **0,00** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA | 0,00 |
| **TOTAL CONTROL CALIDADE** | **563.045,99** |

## CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **40.964,53** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 31.279,42 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 9.685,11 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **663.102,62** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 663.102,62 |
| **TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE** | **704.067,15** |

## PROMOCIÓN

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **419.252,07** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 419.252,07 |
| **TOTAL PROMOCIÓN** | **419.252,07** |
| **TOTAL GASTOS** | **1.939.267,03** |

## RESUMO DE INGRESOS

| | |
|---|---|
| CANON E CONTRAETIQUETAS | 1.637.522,97 |
| INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 231.435,89 |
| TRANSFERENCIAS CORRENTES | 394.591,76 |
| REMANENTE ANOS ANTERIORES | 300.000,00 |
| **TOTAL** | **2.563.550,62** |

## RESUMO DE GASTOS

| | |
|---|---|
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO | 262.901,82 |
| CONTROL DE CALIDADE | 553.045,99 |
| PUBLICIDADE E PROMOCIÓN | 1.123.319,22 |
| **TOTAL** | **1.939.267,03** |

# Labores dos Servizos Técnicos

### RECOLLIDA E CUALIFICACION DE MOSTRAS

**Recollida de mostras:** 1.356
**108 sesións de cata**
**8 sesións extraordinarias de apelación**
**47 catadores para catas ordinarias**
**7 catadores de apelación**

### INSPECCIÓN SOBRE ADEGAS

**Inspección sobre adegas:** 429
**Id. adegas nova inscrición:** 14
**Supervisión de transportes:** 313
**Realización de aforos:** 388
**Marcado de depósitos:** 34
**Descorchados, retirada de etiquetas, etc:** 26
**Marcas autorizadas: 75 de 777 total**

### 1. VIÑEDOS

**INSPECCIÓN SOBRE VIÑEDOS:**
**779 resolucións de expedientes de viticultores**

### 2. XESTIÓN DOCUMENTAL

**ATENCIÓN DIRECTA:**
**Desprazamentos: 24**
**Actualización** (viñedos xa inscritos)**: 575**
**Cambios de titularidade: 279**
**Baixas de viticultores: 17**
**Inscrición novos viñedos: 1.093**

### REXISTRO ADEGAS

**Inclusión novas adegas: 5**
**Cambios titularidade: 3**
**Baixas: 8**
**Autorización novas marcas: 80**

### CONTROL DE MERCADO

823 mostras
119 marcas de 51 adegas

### CATAS

Desarrollo, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Cata de Cambados, Primeira Cata de Anadas Rías Baixas, Catas verticais en Minifeiras, etc.)

### CONTROL DE VENDIMA

**70 veedores**
**14.875 partidas de uva**

### FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Como tódolos anos desenvolvéronse cursos e charlas de formación para profesionais e tamén actividades de formación e reciclaxe do noso Panel de Cata e doutros departamentos das empresas. Destacaron dúas xornadas técnicas sobre:

-"Métodos de investigación das percepcións dos consumidores de viño" para o persoal das adegas da D.O. Rías Baixas.
Os asistentes -persoal de dirección ou departamentos técnicos das empresas- adquiriron coñecementos prácticos sobre metodoloxías aplicadas no desenrolo e mellora dos produtos, investigación de mercados e marqueting para coñecer mellor as preferencias do público e os seus comportamentos e motivacións (usos de produto e contextos de consumo, motivacións e freos, deseño de packaging e etiquetas, prezo....)

-Richard Gibson (consultor Internacional, director técnico durante moitos años de SouthCorp e fundador de www.scorpex.net) deu un curso técnico sobre:
-estilo de viño desexado
-coñecemento das reaccións do osíxeno no viño branco
-técnicas para evita-la oxidación
-embotellado, acondicionamento e distribución ao consumidor
O obxectivo era satisfacer a tódolos membros involucrados no proceso cun custe razoable, cun control de calidade, cun comportamento uniforme e menos controis pre e post embotellado e sen perdas do produto, para acadar unha vinificación sen modificacións da cor, o aroma e o sabor, permitindo á vez o desenrolo do viño cunha velocidade coherente. Todo elo sen perder de vista o marqueting e a resposta do consumidor, non só en relación ao risco de TCA.

***INFORME DE AUDITORIA DE ESTADOS FINANCIEROS***

*Al Pleno del Consello Regulador da*
*Denominación de Orixe "Rías Baixas"*

*He auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello), que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2.007, la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondiente al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya formulación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre los estados financieros tomados en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoria generalmente aceptadas, que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas de la evidencia justificativa de los estados financieros y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.*

*De acuerdo con la legislación mercantil, la Dirección del Consello presenta, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance y de la cuenta de pérdidas y ganancias, además de las cifras del ejercicio 2.007, las correspondientes al ejercicio anterior .Mi opinión se refiere exclusivamente a los estados financieros del ejercicio 2.007. Con fecha 3 de abril de 2.007 otros auditores emitieron su informe de auditoria acerca de los estados financieros del ejercicio 2.006 en el que expresaron una opinión favorable.*

*En mi opinión, los estados financieros del ejercicio 2.007 expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2.007 y de los resultados de sus operaciones durante el ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con los principios y normas contables generalmente aceptados, que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior.*

*Vigo, 12 de mayo de 2.008*

*Fdo: Pablo González Tenorio*
*Auditor Independiente*
*Registro del R.O.A.C. nº 10.548*

## ACTIVIDADES

### Xaneiro

#### Becarios do IGAPE para oficinas comerciais no exterior

Na sé do Consello Regulador foron recibidos os becarios do IGAPE que realizarán as súas prácticas nas oficinas comerciais do estranxeiro durante un ano. Os becarios reuníronse coa xerencia do CRDO e o departamento de Promoción para coñecer de primeira man o traballo da DO e buscar novas vías de colaboración nos mercados internacionais. Ademais asistiron a unha charla técnica sobre aspectos da Denominación como as subzonas, as castes, os viñedos e os viños, para ter un coñecemento exhaustivo do noso produto.
Os nove profesionais que asistiron ao acto no Pazo de Mugartegui visitaron despois empresas e asociacións empresariais galegas que exportan produtos como o caso de moitas adegas de Rías Baixas.
A súa misión é traballar en países de especial interese para as empresas de Rías Baixas. Concretamente incorporáronse ao Centro de Promoción de Negocios (CPN) do IGAPE en Nova York, Shanghai, Tokio, Dusseldorf, así como á Oficina Comercial española en Pekín, ás Cámaras de Cmercio de España no Reino Unido, Australia e México e, por último, á Fundación Galicia Europa da Xunta de Galicia en Bruselas.

#### Curso de Dirección e Xestión

Por outro ado, celebrouse tamén no Pazo de Mugartegui o II Curso de Dirección e Xestión de Adegas que organiza a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) en colaboración co Consello Regulador, no marco dun convenio de colaboración asinado o pasado ano.
O curso encaixaba na liña de fomento da formación desenvolta polo Consello ao longo do ano e estivo dirixido a xerentes de adegas,así como as persoas con experiencia no sector que quixeran actualizar e ampliar coñecementos.
O contido do curso estivo dividido en cinco módulos, relativos a Organización e as súas persoas, Produción vitivinícola, Calidade das adegas, Venda e comercialización vinícola e a Cata do viño.
O obxectivo era coñece-las técnicas máis avanzadas na elaboración de viños, capacitar aos xestores no dominio dos mercados de exportación e facilita-la planificación estratéxica do marqueting de viños.
As dúas institucións colaboradoras nesta acción formativa destacaron o seu interese para formar e reciclar aos profesionais que afrontan un mercado cada vez máis cambiante, competitivo e onde os mercados internacionais son cada vez máis importantes.

#### Semifinal do Nariz de Oro en Sevilla

Como viña sendo habitual nos últimos tres anos, a DO Rías Baixas participou tamén en 2007 na semifinal do certame "Nariz de Oro" organizado pola revista "Vino y Gastronomía" en Sevilla.
Este prestixioso evento, que ten carácter itinerante e onde se presentan viños e produtos gastronómicos, esta considerado o maior concurso especializado do sector en España despois de anos para consolida-la experiencia.
En cada semifinal, o Consello Regulador da DO Rías Baixas entrega o premio ao "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño" a un participante menor de 28 anos elixido polo xurado tras demostra-lo seu coñecemento da nosa denominación e os nosos viños. Unha experiencia que debido á repercusión que ten o certame serve de vía de promoción para os nosos viños.
A DO Rías Baixas participou tamén como expositor en todo o certame, cun estand-mesa onde os sumilleres, restauradores, prescriptores e afeccionados asistentes puideron coñecer en profundidade os nosos viños.

### Febreiro

#### Os Rías Baixas en Xapón

Os actos de promoción realizados en Tokio polo Consello Regulador da DO Rías Baixas, en colaboración co IGAPE e o ICEX, resultou un éxito a xulgar polos comentarios positivos recollidos polos responsables do CRDO.
O xerente do Consello, Ramón Huidobro, explicou que "as sensacións que detectamos nos asistentes deixáronos moi satisfeitos e confirmáronos a necesidade de traballar na promoción do noso produto nun mercado tan esixente coma o xaponés".
No acto participaron 25 persoas da máxima relevancia no mundo do viño en Xapón, representantes da prensa especializada, sumilleres e do sector da distribución, que degustaron seis viños Rías Baixas con distribución no arquipélago nipón. A cata foi moderada pola Sra. Akehi, recoñecida escritora especializada en viños, que foi explicando aos asistentes os diferentes viños que se puideron catar e as súas posibilidades de maridaxe co xantar do país.

Por outro lado, un selecto grupo de representantes do sector vitivinícola tiveron tamén a ocasión de gozar de seis Rías Baixas acompañando pratos como tempuras, sushi, sashini, sukiyaki e diferentes entrantes xaponeses a base de tofu, raíces ou verduras.
O deseño do menú da cea realizouno o chef dun coñecido hotel de Tokio e o presidente da Asociación de Sumilleres de Xapón, Sr. Kogai, que representaba aos máis de 7.000 profesionais xaponeses, dos que 4.000 traballan na cidade de Tokio. O acto celebrouse nun antigo pazo da casa real xaponesa.

### Marzo

#### FEVINO, a feira de referencia en Galicia

Os viños da nosa Denominación estiveron presentes na "V Feira de Vino del Noroeste - FEVINO" que se celebrou un ano máis en Ferrol. O Consello Regulador contou neste certame cun estand de vinte metros cadrados, no que se puido catar viño xenérico da DO Rías Baixas.
O Consello Regulador e as adegas participan tradicionalmente nesta cita profesional que se celebra cada dous anos. O programa incluíu ademais catas comentadas, charlas e diferentes presentacións.

#### Vinte e sete adegas Rías Baixas na feira Prowein

A catorceava edición da feira de viños e bebidas espirituosos Prowein en Dusseldorf contou coa participación de vinte e sete adegas da DO Rías Baixas. O estand do Consello Regulador situouse dentro do pavillón internacional do ICEX no recinto feiral.
Alemaña é o terceiro mercado exterior en importancia para as empresas da DO, No exercicio 2006 exportáranse 127.558 litros cun incremento en volume do 32% con respecto ao ano anterior. Trátase ademais dun mercado tradicional para a nosa Denominación e boa proba deso é que actualmente hai 39 adegas que exportan os seus viños a Alemaña.
No marco desta feira o ICEX organizou distintas actividades como a presentación dun programa de conferencias sobre o control de calidade dos viños en España, dirixido aos inspectores de control de viño alemáns. Nesta actividade participou o xerente do Consello Regulador da DO Rías Baixas, Ramón Huidobro, cunha conferencia sobre o "Aseguramento da calidade dos viños Rías Baixas".

#### Presentación en Mallorca

Máis de 30 adegas da Denominación se deron cita nunha presentación en Mallorca onde se reuniron máis de 500 profesionais do sector da distribución, a restauración e a hostalería mallorquina, ademais de 25 sumilleres da provincia, que participaron nunha cata de viños Rías Baixas de diferentes anadas.

## NOVAS

### Xaneiro

#### Turismo premia a promoción da marca Rías Baixas

O Consello Regulador foi premiado polo organismo Turismo Rías Baixas en recoñecemento do traballo da Denominación na promoción e difusión da marca Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.
O recoñecemento foille entregado no marco da feira FITUR, en Madrid, durante un acto que contou cunha nutrida representación de personalidades do mundo da hostalería, a política, os medios de comunicación, os deportes e o espectáculo, entres os que destacamos a Manuel Campo Vidal, Josemi Rodríguez Sieiro, Óscar Pereiro ou David Cal. Tamén estivo presente no acto o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán e o presidente de Turismo Rías Baixas, Xosé Manuel Figueroa.

### Febreiro

#### O crecemento nos mercados da DO Rías Baixas

O exercicio 2006 foi pechado cun espectacular crecemento nas exportacións e nos datos de comercialización. O traballo continuado e rigoroso do sector consolida os resultados dunha DO que en poucos anos converteuse nunha realidade emerxente no mundo do viño.
Durante 2006 comercializáronse 14.9976.593 litros de viño, o que corresponde a máis de 20 millóns de botellas, que é a única forma de presentación do produto amparado pola DO Rías Baixas. Os datos representaron un crecemento de cerca do 15% na comercialización con respecto ao exercicio anterior.

### Marzo

#### Robert Parker resalta a calidade dos Rías Baixas

Os viños Rías Baixas veñen colleitando nos últimos anos recoñecementos nacionais e internacionais, e críticas positivas dos máis prestixiosos gurús do mundo do viño.
Entre estes destaca o nome de Robert Parker, o crítico máis coñecido do mundo, que volveu destacar un total de doce viños da Denominación de Orixe Rías Baixas no número 169 da publicación "The Wine Advocate" da que é editor.
Parker concedeu aos viños destacados entre os 86 e os 92 puntos, puntuacións moi altas tratándose de viños brancos. Os comentarios da revista destacaron que estes viños "teñen unha boa acidez subxacente e unha rica sensación no padal" ou que teñen unha textura non moi diferente da dun Condrieu de gran anada". De cara ao consumidor recomendoulle maridar estes viños con lagosta, queixos aromáticos ou cociña asiática.
Pero as cualidades dos viños Rías Baixas non foron destacadas só polo mercado americano e os seus prescriptores.
Un semanal australiano, "The Sydney Magazine" mencionaba no mes de febreiro que "os viticultores españois están emerxendo cunha grande forza internacional". O crítico de viños, Peter Bourne, autor do artigo, destacou ao falar dos viños brancos españois aos Rías Baixas-Albariño.

#### Festa do Tinto de Rubiós

O concello das Neves celebrou un ano máis a II Festa do Tinto de Rubiós, unha cita que abriu a lectura do pregón pola ex-presidenta do Consello Regulador da DO Rías Baixas, Marisol Bueno.
A Festa contou cun numerosas actividades que amenizaron a degustación de diversos produtos típicos, sempre acompañados do protagonista do evento, que foi o viño.

### Maio

#### Recoñecementos para as últimas anadas

A última campaña foi moi importante para o Rías Baixas polo que se refire a premios e recoñecementos nacionais e internacionais. As marcas da DO seguiron colleitando premios en varios certames de grande prestixio no mundo do viño e o Consello Regulador anunciou que agardaba segui-la senda marcada pola campaña 2006.
Os Rías Baixas recibiron importantes galardóns no "Challenge International du Vin" de Burdeos: un total de catro ouros, once pratas e cinco bronces, sete recoñecementos máis ca os recollidos no mesmo concurso o pasado ano. Tamén se recolleron tres medallas de prata no concurso "Vinealis Internationales" de París.
Outros certames destacados foron o "Concours Mondiel" de Bruselas (catro ouros e seis pratas), o "Selections Mondiales des Vins", en Canadá (un ouro, dúas pratas e tres selos de "Qualité Internationale"), e o "Wine Masters Challenge" de Portugal, onde os Rías Baixas recibiron tres pratas e oito bronces.
Cabe destacar que entre os viños recoñecidos nestes concursos hai anadas de 2006, 2005, 2004 e mesmo de anos anteriores. Unha vez máis comprobamos que a realidade coincide coa mensaxe transmitida desde o Consello Regulador, no sentido de que os nosos viños teñen posibilidades de garda e unha grande evolución na botella.

### Xuño

#### O Consello Regulador da DO Rías Baixas cualificou de excelente a anada 2006

O Pleno do Consello Regulador da DO Rías Baixas concedeu a cualificación de "Excelente" á anada 2006, tras comprobar que os viños desta colleita atopábanse nuns magníficos parámetros de calidade.
A decisión do Pleno baseouse nos informes do Departamento Técnico, que, conta cun amplo panel de cata formado por máis de corenta expertos e catorce aspirantes, e é o responsable de certifica-la calidade de todos e cada un dos depósitos das adegas antes do embotellado.
As valoracións deste departamento son tidas en conta á hora de decidi-la calidade da anada, ademais doutros valores como os climatolóxicos, o estado sanitario da uva, os índices de maduración do froito e as determinacións analíticas dos viños.
Ademais, para tomar esta decisión o Pleno tivo en conta aqueles resultados obtidos polos nosos viños nos diferentes certames aos que concorreron os Rías Baixas e os comentarios dos expertos nacionais e internacionais, que un ano máis destacaron a calidade e o potencial dos viños da nosa Denominación.

Era a segunda ocasión na que o Consello Regulador organizaba unha actividade de promoción nas Illas Baleares. A DO Rías Baixas valora moi positivamente o mercado das Illas definido como un mercado maduro no consumo de viños brancos. O consumidor das illas aprecia a calidade e persistencia destes viños, que maridan perfectamente coa súa dieta habitual.
De feito, tanto o clima como a dieta como a presenza dunha poboación estranxeira nas Illas Baleares contribúen a manter un consumo estable durante todo o ano.
Tamén se poden atopar certos paralelismos entre Rías Baixas e as Denominacións de Orixe baleares, xa que estas contan con pouca superficie de produción e poucas adegas

## Maio

### Feria Nacional del Vino (FENAVIN)

O Consello Regulador da DO Rías Baixas participou en Cidade Real na "Feria Nacional del Vino - FENAVIN" cun estand institucional da Consellería de Medio Rural onde estiveron representadas unha boa cantidade de adegas de DO.
Na feira estiveron presentes máis de catrocentos

cincuenta compradores e distribuidores internacionais, procedentes de trinta e dous países de catro continentes, que representaban a interesantes mercados potenciais para os nosos viños, como no caso de EE.UU., Reino Unido, Alemaña, México, Xapón, Noruega ou Irlanda.

### Rías Baixas na London Wine

O Consello Regulador da DO Rías Baixas participou na sétima edición da London Wine, un dos máis prestixiosos certames do sector a nivel mundial, No estand instalado polo Consello no pavillón español do ICEX, dentro do recinto londinense de Excell, estiveron presentes un total de trinta adegas e máis de cincuenta marcas.
No encontro, de grande relevancia e traxectoria internacional, participaron un total de 1.260 expositores de trinta e oito países, ocupando unha superficie de 15 mil metros cadrados. O total de

visitantes ascendeu a 20 mil persoas (un 29% procedentes do estranxeiro), cun importante incremento respecto a anteriores edicións.
O Reino Unido é o segundo mercado internacional en importancia para a DO Rías Baixas e, segundo explicou o xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, "nos últimos anos medramos en comercialización e os profesionais, prescriptores, etc. amosan un crecente interese polos nosos viños". En 2006, as exportacións ao Reino Unido medraron un 78% en volume, cunha comercialización de 334.000 botellas de viño vendidas.

### Os Rías Baixas protagonizaron a final do certame "Nariz de Oro"

A Denominación de Orixe Rías Baixas protagonizou por primeira vez a final do certame nacional "Nariz de Oro" celebrado en Madrid e onde se elixiu ao mellor sumiller de España. Como nos tres anos anteriores, a nosa Denominación patrocinou a proba, organizada pola revista "Vino y Gastronomía", pero nesta ocasión foron os viños Rías Baixas os que decidiron o gañador do certame.
No evento participaron un total de cen sumilleres seleccionados previamente nas semifinais de Vitoria, Sevilla, Barcelona, Burgos e Valencia, celebradas nos meses anteriores.
Para a final, a DO Rías Baixas enviou cinco viños de diferentes elaboracións. O xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, explicoulles aos concursantes as características de cada dos viños e os participantes na final tiveron que memorizalos aromas respectivos, para seguidamente recoñecelos nunha copa negra e opaca, usando só o olfacto.
Ademais, como viña sendo habitual, a DO Rías Baixas entregou tamén en cada semifinal o premio "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño" a un participante menor de vinte e cinco anos,elixido polo xurado "despois de demostrar o seu gran coñecemento da nosa Denominación e os nosos viños".
Por outro lado, no marco desta final, os viños Rías Baixas recibiron unha medalla de ouro e unha de bronce na cata concurso dos mellores viños de España, na categoría de brancos.

### O Consello Regulador organiza unha minifeira en Alacante

Mías de vinte adegas adscritas ao Consello Regulador da D.O. Rías Baixas participaron en maio nunha presentación dos viños en Alacante, cidade onde o Consello Regulador aínda non organizara ata entón ningunha presentación.
O acto reuniu a máis de cincocentos profesionais do sector da distribución, a restauración e a hostalería da provincia, así como a vinte e cinco sumilleres alacantinos que participaron nunha cata de viños de diferentes anadas da nosa Denominación.
A DO Rías Baixas valorou moi positivamente o mercado desta comunidade, que definiu como un mercado maduro no consumo de viños brancos. Alacante conta ademais cunha DO propia, dedicada á elaboración de viños brancos, tintos , rosados e moscateis. Para o xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, trátase dun mercado cun clima e unha dieta que marida perfectamente cos viños Rías Baixas "que son frescos, afroitados, fáciles de entender e que se poden consumir durante todo o ano". Ramón Huidobro explicou tamén que a Comunidade Valenciana "é un mercado de consumidores serios e fieis, que entenden o noso produto, e boa proba diso é que está medrando a nosa comercialización aquí".

### Seminario sobre vendas de viño en Escandinavia

Na sé oficial do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui tivo lugar un seminario sobre "Como vender viño en Escandinavia" organizado polo ICEX en colaboración co Consello e a consultora Proodevo. Esta acción formativa tiña como finalidade dar a coñece-las características do funcionamento dos mercados monopolísticos do viño en Escandinavia.
A xornada desenvolveuse con varias intervencións de carácter práctico sobre a filosofía e principios da exportación de viños aos mercados de Noruega, Suecia ou Finlandia, así como as técnicas máis axeitadas para facelo.
Asistiron unhas corenta persoas de adegas, principalmente xerentes, directores comerciais ou persoal dos departamentos de exportación.
O acto inicíouse cunha charla sobre "Mercados monopolísticos de distribución de viño en Escandinavia. Os mercados en cifras", a cargo de Katarina Holmer, directora de exportación da consultora Proodevo. A directora de marqueting desta mesma firma, Marie Calderón, explicou pola súa banda as características destes mercados e o papel dos importadores. Seguidamente tivo lugar unha ponencia sobre a promoción do viños españois no exterior. O evento foi clausurado por Ignacio Rodríguez, Director Territorial Adxunto de Comercio, en Galicia.

### Presentación en Murcia

Máis de vinte adegas adscritas ao Consello

## Os Premios Baco valoran aos Rías Baixas

Os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas recibiron un "Gran Baco de Oro", un "Baco de Oro" e un "Baco de Prata" na edición 2007 dos Premios Baco, certame organizado pola Unión Española de Catadores.
Ademais o "Gran Baco de Oro", outorgado ao viño de maior puntuación entre tódolos presentados, independentemente da súa categoría e a variedade, outros dous viños da DO recibiron o ouro e a prata na categoría de "Vinos Blancos de Variedades Aromáticas Autóctonas".
Os Premios Baco chegaban o pasado ano á súa XXIª edición e están recoñecidos polo Ministerio de Agricultura,
Os galardóns inclúen dez categorías e ademais o concurso realízase de acordo coa normativa da Organización Internacional da Viña e do Viño (OIV).

## Recoñecementos internacionais

Por outro lado, as adegas da DO continuaron recollendo éxitos en certames internacionais da importancia do "Decanter World Wine Awards" onde ao palmarés internacional dos Rías Baixas sumáronse cinco bronces, tres pratas e cinco recomendacións, da prestixiosa revista do mesmo nome.
Ademais, no "International Wine Challenge" os Rías Baixas obtiveron catro medallas de prata, cinco de bronce e cinco recomendacións.

## Os Rías Baixas medran fora do seu mercado natural

Un estudio realizado pola consultora The Nielsen Company concluíu que as vendas dos viños con Denominación de Orixe Rías Baixas tiveron unha tendencia positiva cun crecemento dun 12,9%.
A información para o estudio foi recollida de paneis de detallistas de Hostalería e Alimentación e completada con reunións de grupo con consumidores de viño con Denominación; realizáronse tamén 523 entrevistas persoais a consumidores de Galicia e a súa área de expansión (Asturias, Cantabria, País Vasco, Madrid, Cataluña e Valencia) e entrevistas en profundidade cos prescriptores dos restaurantes,
As conclusións desta investigación son particularmente importantes no momento actual, no que a tendencia ao consumo de viño no mercado interior, no caso de viños con Denominación de Orixe, tivo un lixeiro descenso de vendas dun 0,4%, máis acusado na Hostalería (un 1,8%) pero compensado co lixeiro incremento na Alimentación (un 1,6%). Os viños Rías Baixas tiveron en cambio un excelente comportamento en ámbolos dous sectores: medraron un 10,8 na Hostalería e un 18,4% na Alimentación.
O desenrolo dos viños con DO Rías Baixas vense producindo de xeito practicamente ininterrompido desde o ano 1993. As vendas multiplicáronse por 4,5 nos últimos doce anos, mentres que para o conxunto dos viños con denominación incrementáronse só un 61%.
Esta evolución positiva situou aos viños Rías Baixas nunha cota de mercado dun 2,1% no ano 2006. e confirmando esta tendencia, as adegas de Rías Baixas comercializaron nos cinco primeiros meses de 2007 máis de 11.150.000 botellas, un 38% máis ca no mesmo período do ano anterior.

**Brancos de referencia.** Os viños Rías Baixas convertéronse nun referente dos viños brancos de calidade tanto para consumidores como para prescriptores. O seu prezo promedio está en torno a 7 euros / botella, o dobre ca o do conxunto do viño con DO. A pesar diso, non deixaron de incrementa-la súa demanda tanto no sector da Hostalería como no da Alimentación apoiándose nunha excelente imaxe e na súa adecuación ás novas demandas dos consumidores de viños frescos, afroitados e fáciles de beber. A este respecto convén lembrar que o consumo de viños tintos e rosados diminuíu, mentres ca o dos viños brancos medrou un 7,8%.
Os viños da DO creceron en case tódolos segmentos de prezos, destacando o incremento dos viños de máis de 10 euros, que medraron un 12,5% en volume e un 21,1% en valor.
Nos intervalos de prezos de 3,5 a 5 euros e de 5 a 7 euros tamén se rexistraron incrementos interesantes nas vendas (31,8% e 14,4% en volume, respectivamente). Unha tendencia directamente relacionada coa recomendación de manter niveis de prezo axeitados e non abusar das

baixadas para conserva-la rendibilidade e consolida-la imaxe positiva dos viños da Denominación.

## Agosto

## Ouro para Martín Códax na festa do Albariño

Os profesionais do panel de cata da XIX Cata Concurso Rías Baixas Albariño concederon a Medalla de Ouro á marca "Martín Códax" da adega do mesmo nome, tras catar as setenta e unha marcas presentadas ao concurso.
A Medalla de Prata foi para o Rías Baixas Albariño de "Tomada de Castro", da adega Carlos Castro Serantes e a medalla de bronce recaeu na marca "Serra da Estrela" de adegas Couto.
O panel de cata estivo integrado por vinte e tres expertos, dez pertencentes ao panel de cata do Consello Regulador e trece deles externos, entre sumilleres, xornalistas e un catador internacional.
A organización da Festa do Albariño de Cambados estimou que no Paseo da Calzada se deron cita unhas 200.000 persoas.

## Setembro

## Iniciada a vendima 2007

O Consello Regulador deu por comezada a vendima 2007 a altura do día 19 de setembro, data na que estaba previsto o comezo das labores nas cinco subzonas. O departamento técnico activou a normativa para esta vendima, cuxas normas establecían un rigoroso sistema de control aplicado ao orixe da uva e a calidade dos viños da DO.
Semanas antes puxéronse en marcha as medidas para todo o dispositivo,incluíndo a formación e coordinación dos 68 técnicos habilitados como veedores pola Consellería do Medio Rural, encargados de supervisala entrada de uva nas adegas, o transporte de uva e mosto entre subzonas e a vendima nas fincas. As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e a Policía Autonómica encargáronse da inspección dos transportes e da vixilancia do intenso tráfico polas estradas da DO durante as semanas de vendima. Todas esas actuacións estiveron orientadas a mante-lo alto nivel de control de campañas anteriores.
O Departamento Técnico anticipa ba que a situación xeral do viñedo era boa, tanto desde o punto de vista vexetativo como de sanitario e cualificaba como correcta e axustada ao ciclo normal a evolución da maduración, un pouco retrasada respecto aos últimos anos.
O estado xeral dos acios tamén era bo, a pesares dunha climatoloxía non moi favorable e dos ataques de mildiu a finais de xuño, que tivo sen embargo pouca repercusión e foi controlado perfectamente polos viticultores.
As previsións anunciaban que o potencial de produción descendería con respecto ao último ano, debido á situación climatolóxica así como

Regulador da DO participaron nunha presentación en Murcia, diante duns cincocentos profesionais do sector distribución, restauración e hostalería da comunidade autónoma, ademais de vinte e cinco sumilleres murcianos que participaron nunha cata de viños Rías Baixas de diferentes anadas.
Era a primeira ocasión na que se organizaba un acto nesta comunidade autónoma, se ben se fixeran presentacións con anterioridade na zona de Levante.
Os responsables da DO Rías Baixas valoraron moi positivamente o mercado desta comunidade, que consideran moi maduro no consumo de viños brancos e onde se elaboran excelentes viños, ademais de contar con DO tan coñecidos como a de Jumilla, Bullas e Yecla, dedicadas máis ben á produción de tintos pero que tamén elaboran e comercializan viños brancos frescos e afroitados.
O xerente da DO Rías Baixas, Ramón Huidobro explicou a este respecto que "o coñecemento dos viños brancos nesta zona, facilita a presentación e explicación do noso produto". Ademais trátase dun mercado cun clima e unha dieta que marida perfectamente cos viños Rías Baixas, que son frescos, afroitados e doados de entender, e que se poden consumir durante todo o ano.

## Presentación en Nova York para o sector profesional

Seguindo coa campaña de promoción dos viños brancos de calidade españois emprendida xunto ao IGAPE e o ICEX, tiveron lugar en Nova York tres seminarios técnicos da Denominación de Orixe e unha presentación de viños ao sector profesional (distribuidores, restauradores, sumilleres) da cidade.
Os coordinadores da actividade perseguían o obxectivo de incrementa-lo valor de marca da DO Rías Baixas nos Estados Unidos,
A xornada dedicou un espazo ás posibilidades de garda dos Rías Baixas-Albariño en contra da idea tradicional de que son viños para consumir no ano. Consolidábase así un cambio de concepto que está a ser defendido nos concursos nacionais e internacionais, onde viños de anadas de hai tres ou catro anos teñen recibido boas críticas e recoñecementos.
Outros aspectos de interese tratados nas charlas foron o maior coñecemento das características das nosas castes, chans, climas e viños, así como a presenza do Rías Baixas-Albariño nos mercados internacionais, Cada un dos seminarios foi seguido dunha cata comentada de tres viños de diferentes subzonas da DO. Ademais, representantes das dezanove adegas que participan na campaña de

promoción en Nova York presentaron as mellores características das súas marcas ao sector profesional.

## Xuño

## Presentación da Anada en Madrid

A DO Rías Baixas elixiu Madrid para presenta-la anada 2006 nun acto que tivo lugar o mes de xuño e no que participaron sesenta e sete adegas e noventa e nove marcas de viño. A capital de España é un dos mercados nacionais principais para os Rías Baixas, e por iso foi a sé elixida para esta presentación polo Consello Regulador.
Con tal motivo celebrouse na capital de España unha xornada de traballo dirixida ao sector profe-

sional madrileño –hostalería, alimentación, sumilleres- na que participaron máis de mil expertos do sector.

## Importadores italianos en Rías Baixas

Catro importadores e un xornalista italianos visitaron a denominación Rías Baixas co obxectivo de incrementa-lo seu coñecemento da zona e traballar en contactos comerciais coas adegas da nosa Denominación.
Esta misión inversa foi organizada pola Cámara de Comercio de Vigo en colaboración co Consello Regulador.
Os profesionais participaron nunha charla co Departamento Técnico do Consello sobre a Denominación de Orixe Rías Baixas -o chan, o clima, as castes, os viños- e de seguido protagonizaron dúas mesas de traballo cunha vintena de adegas Rías Baixas interesadas en traballar no mercado italiano.

## Consello Regulador, IGAPE e ICEX, cos Rías Baixas en México

O Consello Regulador organizou xunto ao IGAPE e o ICEX un acto de presentación dos seus viños para o sector profesional da capital mexicana. O evento, no que participaron un total de corenta profesionais de institucións, prensa especializada, sumilleres e distribuidores, contou coa presenza do embaixador de España en México, Carmelo Angulo.
O acto organizouse como unha maridaxe entres as diferentes elaboracións dos nosos viños e a gastronomía do país. O obxectivo marcado polo Consello Regulador era incrementa-lo coñecemento dos Rías Baixas por parte dos prescriptores.
México é na actualidade o sétimo mercado exterior para o Rías Baixas. A pasada campaña un total de trece adegas exportaron máis de 75.000 botellas, cun incremento do volume de case o 7% respecto ao exercicio anterior.
Ramón Huidobro, xerente do Consello Regulador, explicou a importancia que ten apoiar o traballo das adegas con accións promocionais coma esta, destacando ademais que o traballo tiña que ir enfocado a medrar nos mercados internacionais e lograr que México se converta no noso quinto mercado, xa que aquí continúa crecendo o consumo de viños.
Paralelamente o Consello Regulador da DO Rías Baixas participou na sétima edición da feira Alimentaria México, a feira de bebidas e alimentación de referencia en Latinoamérica. É a terceira ocasión na que o Consello Regulador estivo presente, dentro do Pavillón Internacional do ICEX. A feira celebrada no recinto feiral Banamex, en México DF, contou o pasado ano cun case 400 expositores de 28 países e máis de 10.000 visitantes, nunha superficie de exposición de máis de 11.500 metros cadrados.

## Xullo

## XV Feira do Viño do Rosal

O concello de O Rosal e o Consello Regulador organizaron a XVª edición da Feira de Viño do Rosal, que reuniu este ano a doce adegas da Denominación Rías Baixas na praza do Calvario deste municipio.
Durante a Feira exhibíronse e puidéronse degustar un importante abano de produtos típicos da

a política de contención dos rendementos para optimiza-la calidade. Os datos manexados establecían unha media de 6.000 a 7.000 quilos de uva por hectárea.

**Medidas de control.** Para controla-la produción nas 3.500 hectáreas da Denominación de Orixe, o Consello Regulador dispuxo duns terminais informáticos (TPV) a través dos cales, os responsables do Consello estiveron puntualmente informados dos quilos de uva que entraron en cada unha das adegas.
Os 6.512 viticultores inscritos dispuxeron dunha tarxeta chip –persoal e intransferible- expedida polo propio Consello e onde se contiñan os datos do propietario, o número de fincas, a superficie que ocupan e a cantidade de uva que pode vender. A tarxeta é o única distintivo aceptado polas adegas para poder admitir uva destinada a elaborar viño con Denominación de Orixe Rías Baixas e serve como documento acreditativo, nos controis da guía ou acta de transporte de uva establecidos pola garda civil.
Por parte dos veedores a tarefa foi o control nas adegas do rendemento de produción máxima de uva por hectárea, que non debía exceder dos 11.000 quilos para a variedade albariño, e da posterior transformación en mosto, cunha proporción de 0,67 litros por quilo, que resulta das máis baixas de España. A razón deste baixo rendemento é que se extraian só os primeiros mostos da uva para preserva-la calidade dos viños.
Antes da vendima os técnicos do Consello Regulador realizaron os correspondentes aforos pre-vendima nas adegas, para certifica-la cantidade de viño existente en cada unha delas.
Concluídas as labores de vendima, os técnicos realizaron os aforos post-vendima, para cadra-lo volume da viño existente na campaña e excluír calquera dúbida sobre a introdución de uva foránea.

## Outubro

### Case 19 millóns de quilos de uva na vendima 2007

A mediados de outubro deuse por pechada oficialmente a vendima na Denominación Rías Baixas. A colleita deste ano ascendeu a un total de 18.722,173 quilos de uva, unha cantidade moderada en canto a produción, pero na que destaca a calidade da uva recollida.
A vendima transcorreu de xeito selectivo e ordenado, froito da cohesión e madurez de viticultores e adegueiros. O departamento técnico explicou que os froitos atopábanse nun estado sanitario óptimo, malia que a climatoloxía non fora moi benigna e a pesares do ataque de mildiu a finais de xuño, que non tivo sen embargo unha repercusión significativa grazas á profesionalización dos viticultores.
Con relación ás castes, o albariño segue a se-la de maior produción con 17.696.918 quilos de uva, un 94,5% do total,
O departamento técnico destacou ademais a calidade da coleita, cuns mostos aromáticos e un bo equilibrio grao-acidez, e cunha inmellorable ma-

duración da uva que se produciu moi lentamente debido ás temperaturas menos cálidas do pasado verán, sumadas ás longas horas de insolación nos meses previos á vendima.

## Novembro

### As exportacións medran máis dun 65% en 2006-07

Os viños da DO Rías Baixas consolidaron a súa presenza nos mercados internacionais. As cifras de exportación da campaña - desde o 1 de setembro de 2006 ata o 31 de agosto de 2007- deixaron uns magníficos datos, cun crecemento en volume superior ao 65% respecto da campaña anterior e un incremento en valor de máis do 52%. Nesta campaña, os viños desta DO chegaron a máis de 60 países e exportaron máis de catro millóns de botellas, das que a metade foron para o mercado de EE.UU.
Rías Baixas presentou os datos de exportación para a derradeira campaña: un total de 3.035.648 litros de viño, é dicir, 4.047.000 botellas. O sector amosa o seu dinamismo e evolución a traveso da presenza dos viños de 67 adegas da DO no exterior, once empresas máis que na pasada campaña.
No caso do Rías Baixas, as exportacións a UE rexistraron un incremento en volume superior ao 63% e un 75% para América.
Por destinos, EE.UU. segue a se-lo mercado predominante, tras a campaña de promoción dos últimos anos en colaboración co ICEX e o IGAPE.
Logo seguen mercados tradicionais para Rías Baixas como o Reino Unido, que ocupou o segundo lugar cun incremento superior ao 69%. Seguiulle Alemaña, cun incremento do 33% e México, que tivo un crecemento importante con máis do 58%.

zona con especial protagonismo dos viños amparados pola DO.
A Feira contou nesta ocasión coa participación do xornalista especializado no sector turístico e gastronómico Jorge Prádanos, que estivo encargado do pregón. Foi inaugurada polo conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, que estivo acompañado polo alcalde Xesús Fernández e o xerente do Consello Regulador da DO Rías Baixas, Ramón Huidobro.

### Misión inversa do ICEX

Ademais, este ano a Feira recibiu a visita dunha misión inversa de xornalistas americanos, organizada polo ICEX en colaboración con CR Rías Baixas. Despois de visitar outras zonas vitivinícolas galegas, este grupo de profesionais expertos no mundo do viño tiveron a ocasión de afondar no coñecemento da DO Rías Baixas.

## Setembro

### Xornalistas portorriqueños na Denominación

Cinco xornalistas especializados no sector vitivinícola procedentes de Porto Rico visitaron a Denominación Rías Baixas para afondar no seu coñecemento da DO, no marco dunha misión inversa organizada pola Cámara de Comercio de Lugo, en colaboración con Consello Regulador.
Estes profesionais participaron nunha charla co Departamento Técnico do Consello Regulador sobre aspectos da DO (o chan, o clima, as castes, os viños) e tamén nunha cata dirixida por un técnico na que se probaron unhas vinte elaboracións pertencentes á Denominación.

### Profesionais de escolas de hostalería suízas na Denominación

Catro profesores de Escolas de Hostalería e Gastronomía internacionais de Suíza mailo director da única Escola de Sumilleres do país estiveron na Denominación Rías Baixas nunha viaxe formativa para os responsables do departamento de viños das diferentes escolas helvéticas. O obxectivo era que no futuro poidan impartir cursos sobre esta DO nas súas escolas, así como ofrecerlles unha información actualizada sobre os viños Rías Baixas nos programas curriculares e seminarios que offrecen as diferentes escolas aos seus alumnos.
A visita, organizada conxuntamente polo Consello Regulador da DO Rías Baixas e o ICEX, dividiuse nunha parte teórica con exposicións sobre os aspectos máis relevantes da Denominación (estrutura, tipos de uva, climatoloxía, xeoloxía) e rematou cunha pequena cata. A parte práctica consistiu nunha visita a diferentes adegas de Rías Baixas.

## Outubro

### Minifeira en Barcelona

Vinte e cinco adegas da nosa Denominación participaron nunha presentación en Barcelona. No acto reuníronse máis de setecentos profesionais do sector da distribución, a restauración e a

hostalería catalana, así como trinta sumilleres da provincia que participaron nunha cata de viños Rías Baixas de diferentes anadas.Era a segunda ocasión na que o Consello Regulador organizaba unha actividade de promoción en Cataluña desde o ano 2003.
A DO Rías Baixas valorou moi positivamente este mercado, caracterizado por ser moi maduro no consumo de viños brancos e gozar dunha dieta que marida perfectamente cos viños Rías Baixas. O consumidor catalán apreza a calidade e a persistencia dos nosos viños.
Por outro lado, Cataluña é un mercado cun gran potencial, xa que segundo datos do Informe Nielsen as vendas dos viños Rías Baixas no área metropolitana de Barcelona medraron máis dun 3% durante o período 2005-06, e no área noreste (onde está incluída Cataluña), un 51%, superando amplamente o incremento medio en toda España, que foi dun 23% nese mesmo período.

## Novembro

### Food & Hotel de Shanghai

Un ano máis os Rías Baixas estiveron presentes na cita máis importante do mercado asiático, a feira Food & Hotel de Shanghai.
O mercado chino segue a presentar un grande interese para o Consello Regulador, que comezou a participación nesta feira en 2004. Nesta ocasión estivo presente dentro do Pavillón de España do ICEX, cunha superficie total de 1.200 metros cadrados que reuniu a 130 empresas españolas. Ademais, os viños Rías Baixas protagonizaron unha charla e unha cata dirixida polo secretario xerente do CRDO, Ramón Huidobro, dentro dun programa organizado polo IGAPE.

Os datos de exportación do exercicio 2006 consolidaron os resultados positivos desta DO, que mantén un incremento continuado dos últimos anos, Concretamente, con respecto ao último exercicio o incremento foi do 32%, superando a barreira sicolóxica dos dous millóns de litros vendidos no estranxeiro ata chegar as 2.732.505 botellas vendidas (na DO Rías Baixas, todo o viño expórtase en botellas). Tamén se superaron nun 30% as cifras de exportación en valor.

### Cita en Madrid

Neste mesmo mes tivo lugar tamén o "Salón Internacional del Vino" de Madrid, onde os viños Rías Baixas estiveron presentes.

### Presentación en Cantabria

Vinte e cinco adegas adscritas ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas participaron nunha presentación dos seus viños en Santander. O acto reuniu a máis de 500 profesionais do sector da distribución, a restauración e a hostalería cántabra, así como a vinte sumilleres de Santander que participaron nunha cata de Rías Baixas de diferentes anadas.
Era a primeira vez que o Consello Regulador organizaba unha actividade de promoción en Santander, "un mercado natural para nós, pola súa proximidade e que está a funcionar moi ben nos últimos anos", como destacou o presidente do CRDO Rías Baixas, Xosé Ramón Meiriño.
O consumidor cántabro apreza a calidade e persistencia destes viños, nunha zona cuxa dieta marida perfectamente cos viños Rías Baixas xa que estes son frescos, afroitados e fáciles de entender e pódense consumir durante todo o ano.
Cantabria é un mercado de gran potencial xa que como precisaba o informe Nielsen, as vendas de viños Rías Baixas no área norte (zona na que está incluída Cantabria) medraron máis dun 7% durante o período 2005-2006. O incremento producido en toda España nese período fora de 23%.

### Curso de Marqueting e Comercialización do Viño

Organizado polo Consello Regulador, celebrouse na propia sé de Mugartegui un Curso de "Marqueting e Comercialización do Viño II", dirixido aos xerentes das adegas e aos responsables dos departamentos financeiro e comercial e cunha duración de 26 horas, en xornadas de venres e sábados,
Participaron 24 profesionais do sector e foi impartido por profesionais con experiencia nas áreas de marqueting do mercado vinícola.
Este evento formaba parte das actividades de formación do Consello Regulador e foi a continuación do realizado a finais de 2005.
O obxectivo foi mellora-la situación individual de mercado nas áreas de marqueting e comercial das adegas, ademais de contribuír a formación do persoal..

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Imaxe Nova de Comunicación. r/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO